

PLENO DO EXCMO. CONCELLO.- NUM. 11

SESION EXTRAORDINARIA DO 11 DE MAIO DE 2010

ASISTENTES

POLO GRUPO MPAL. DO PSdeG-PSOE

Abelairas Rodríguez, Isaura
Caballero Alvarez, Abel Ramón
Calviño Rodríguez, Xulio
Díaz Vázquez, Raquel
Lago Rey, María Jesús
López Atrio, Laura
López Font, Carlos
Rivas González, Angel
Rodríguez Díaz, Santos Héctor

POLO GRUPO MUNICIPAL DO BNG

Domínguez Olveira, Santiago
López Carreira, Xesús
Méndez Piñeiro, María
Velo Ríos, Iolanda

POLO GRUPO MPAL. DO PARTIDO POPULAR

Beiro Diz, Pablo José
Coello Bufill, Antonio
Comesaña Abalde, Carlos
Conde Gil, Jorge
Fidalgo Iglesias, Miguel
Figueroa Vila, José Manuel
García Míguez, María Angeles
González Sagarra, Javier Pablo
Iglesias Bueno, Marta
Larriba Leira, Elvira
López-Chaves Castro, Ignacio
Martíño Gómez, Antonio
Muñoz Posse, Carlota

NON ASISTE:

Alonso Pérez, Fco. Xabier (BNG)

No salón de Plenos da Casa do Concello de Vigo, as nove horas e dez minutos do día once de maio do ano dous mil dez, coa Presidencia do Excmo. Sr. Alcalde, D. Abel Ramón Caballero Álvarez, reúnen-se os membros dos Grupos Políticos municipais coa asistencia dos concelleiros Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Beiro Diz, Calviño Rodríguez, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Díaz Vázquez, Domínguez Olveira, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, González Sagarra, Iglesias Bueno, Lago Rey, Larriba Leira, López Atrio, López Carreira, López-Chaves Castro, López Font, Martíño Gómez, Méndez Piñeiro, Muñoz Posse,

Rivas González, Rodríguez Díaz e Veloso Ríos, actuando como Secretaria Xeral do Pleno que asina D^a María Concepción Campos Acuña, constituíuse o Pleno da Excm. Corporación en sesión EXTRAORDINARIA conforme á convocatoria e segundo a orde do día remitida a todos os Sres. concelleiros coa antelación legalmente requirida. Non asiste o Sr. Alonso Pérez do Grupo municipal do BNG. Están tamén presentes os membros da Xunta de Goberno Local Sres. Mariño Mendoza do Grupo municipal do PSdeG-PSOE e o Sr. Álvarez Álvarez do Grupo Municipal do BNG, así como o Interventor Xeral don Juan Ramón González Carnero.

INTERVENCIÓN DA PRESIDENCIA: Iniciamos o Pleno do Concello en sesión extraordinaria convocada por orde do día do 7 de maio que obra en poder das señoras e señoras concelleiros cun punto único da orde do día. Ábrese sesión pública e constátase quorum.

O sistema que se vai utilizar vai ser unha rolda de intervencións iniciada polo propoñente que é o alcalde, cunha duración de quince minutos por cada un dos intervenientes, réplicas de cinco minutos nas que intervirán o alcalde e logo cada un dos grupos nunha orde de menor a maior e pechará o debate o alcalde polo goberno cunha intervención de tres minutos.

ÚNICO.(93). PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA RELATIVA ÁS CAIXAS DE AFORROS GALEGAS.

ANTECEDENTES.- Por escrito de data 7 de maio de 2010 a Alcaldía-Presidencia formula a seguinte proposta:

“No momento actual en que se atopan as conversacións das dúas caixas de aforros de Galicia, Caixanova e Caixa Galicia, sobre a construción dun novo mapa financeiro galego, e coa procura dun novo proxecto conxunto entre ambas unha vez que os negociadores garantan a viabilidade e solvencia da nova institución financeira coa venda das oficinas de Caixa Galicia que consideren necesarias, o Concello de Vigo quere facer pública a súa posición sobre a gobernanza da nova institución financeira:

- Primeiro.- O presidente será Julio Fernández Gayoso.
Segundo.- O director xeral será José Luis Pego Alonso.
Terceiro.- Caixanova ostentará a maioría no Comité de Dirección da nova Caixa e a maioría no Consello de Administración.
Cuarto.- Que a sede da Caixa resultante será a cidade de Vigo.
Quinto.- Que a lei 10/2009, do 30 de decembro, quede derogada ou en suspenso durante cinco anos para poder consolidar a Caixa resultante.”

DEBATE.- A PRESIDENCIA: Hai sete meses o Sr. Feijóo, presidente da Xunta, presentaba perante Galicia un proxecto de fusión de caixas de aforros para resolver un problema do norte de Galicia. Aproximadamente no mes de novembro o Sr. Feijóo instaba ás caixas de aforros que se fusionaran e que o fixeran nos termos do seu tamaño. Aquilo presentábase nun contexto no que unha caixa de aforros tiña problemas e resolvíase aquel problema cunha fusión a través de Caixanova.

Tratábase de que a caixa máis grande se fixera cargo da caixa máis pequena e así resolvían un problema que había no norte de Galicia, un problema financeiro e político.

Aquel intento do Sr. Feijóo fracasa porque Caixanova, unha entidade solvente, dotada de viabilidade económica, non acepta os termos daquela absorción de Caixanova por Caixa Galicia, que era de facto o que se presentaba.

A partir de aí o Sr. Feijóo, aproveitando unha proposta do Bloque Nacionalista Galego no Parlamento de Galicia, inicia a elaboración expreso dunha lei de caixas de aforros para manter coma obxectivo resolver o mesmo problema e da mesma forma que xa tiña tentado e tiña fracasado. Así elaboran de xeito expreso unha lei de caixas de aforros que ten coma obxectivo cambiar os órganos de goberno das caixas e singularmente forzar a unha fusión non desexada por Caixanova.

En diferentes manifestacións o Sr. Feijóo expresa que esa lei é a que vai obrigar a que se fusionen as caixas de aforros e o sistema de acadalo era ben fácil para esa lei. Dado que Caixanova non aceptaba seren absorbida por Caixa Galicia, elaborábase unha lei, renovábanse os órganos de goberno, cambiábanse os órganos de Caixanova e así, os novos órganos de goberno de Caixanova, máis dóciles en termos políticos, aceptarían a fusión.

Así elabórase unha lei, en contra de Caixanova e en contra de Vigo. Unha lei que resolve os órganos de goberno en termos de tamaño. Seguimos no mes de decembro dicindo que a unión das dúas caixas de aforros tense que facer en termos do tamaño

e elabórase unha lei que de ir adiante significaría que xa neste momento habería unha fusión de caixas de aforro na que esta cidade tería no seu consello dous membros de vintecinco. De ir adiante aquela lei hoxe estaría Caixanova absorbida por Caixa Galicia, a cidade de Vigo tería no consello de administración dous membros de vintecinco e a sede, o director e o presidente estarían na Coruña e de Caixa Galicia.

Singularmente a cidade de A Coruña tería catro membros, a cidade de Santiago tería catro e as cidades de Ferrol e Lugo terían un ou dous. Isto é o que a lei de caixas de aforros elaborada no Parlamento de Galicia a instancias do Sr. Feijóo e aprobada con eles polo Bloque Nacionalista Galego presentaba.

Nós recibimos o 1 de febreiro deste ano unha notificación da comisión electoral para que elixíramos membros para o novo consello de Caixanova no que este Concello e no que esta cidade perdían un enorme peso. De ir adiante esta notificación e esta elección neste intre Caixanova estaría absorbida por Caixa Galicia.

Pero aquela lei era inconstitucional, foi recorrida polo goberno de España e eu anunciei repetidamente que no seu momento procesual sería recorrida por este Concello e aquela lei quedou parada. Coma aquela lei quedou parada, aquel intento de facer que Caixanova fose absorbida por Caixa Galicia para resolver un problema financeiro do norte quedou detido. O Banco de España da un paso ulterior e entramos na etapa seguinte.

Encarga á Caixanova que lidere o proceso de marcha común entre as dúas caixas en entrevista o luns de Semana Santa co seu presidente Sr. Fernández Gayoso. Aí entramos nunha nova etapa, a etapa en que as contas claras e delas falarei nun rato. Só hai un proceso para seguir adiante nesa marcha conxunta e é que Caixanova lidere o proxecto común das dúas caixas porque xa está claro nese momento quen é quen, como están as contas e o que repetidamente viñamos repetindo dende aquí que se formulaba.

Pero a partir de aí e dese encargo o Sr. Feijóo continúa premendo en favor de Caixa Galicia para tratar de que se reverta o proceso e así se obriga de novo ó Banco de España a que teña que vir a Galicia e reiterar ese proxecto común liderado por Caixanova.

Así están as cousas. Daquela proposta aceptada en principio polo goberno de Galicia, con presidente da caixa común de Caixanova, director xeral de Caixanova, equipo de dirección maioritariamente de Caixanova, maioría no consello de Caixanova e

situación con sede en Vigo, vólvese pasar continua e sistematicamente polas presións da Xunta de Galicia á dúbida permanente de quen ten que liderar.

Na retina de todos están os intentos do Sr. Feijóo e da conselleira de cesar ó Sr. Fernández Gayoso en aras dunha lei detida no Constitucional e manifestamente inconstitucional.

Aí estamos, no mandato por razóns de solvencia, de conveniencia e de viabilidade de que sexa Caixanova quen lidere e o empeño da Xunta e do norte de Galicia, dende os seus órganos de presión, de acadar revertir sempre que poidan esa situación.

Así estamos agora, esta é a situación, onde algúns utilizan o termo galeguidade para dicir que ten que ser Caixa Galicia quen lidere ese proxecto en galego. Sería menos galego se o lidera Caixanova? Sería menos deste país se esa marcha conxunta se liderara dende Caixanova? Porque o que está enriba da mesa é que lidere quen era máis eficiente, que lidere a palabra solvencia, quen demostraron que están en situación de levar o proceso adiante dende a súa solvencia.

E o que agora está enriba da mesa é que sega a ser Caixanova quen lidere ese proceso, co presidente, co director xeral, coa maioría da dirección, coa maioría do consello e con sede en Vigo. E cunha circunstancia adicional imprescindible que demostra a gran falsidade de todo este tema: que se iso vai adiante a lei Feijóo ten que ser parada. Se vai adiante só hai unha forma do facer: que se paralice a lei aprobada no Parlamento de Galicia porque esa lei non contempla nin tan sequera a paridade, contempla a hexemonía pura e dura de Caixa Galicia sobre Caixanova.

Xa neste momento as cousas están claras e á vista de todo o mundo: é un intento de tratar de resolver un problema do norte de Galicia a costa de Caixanova.

Por iso este é o momento de definirmos e de saber dende esta cidade que é o que queremos e eu reitero que hai dúas opcións: ou este proxecto de marcha en común se leva adiante liderado por Caixanova nos termos da proposta que aquí se presenta ou Caixanova debe seguir soa. Iso é o que hai, iso é o que mandan os datos, o que manda a solvencia e o que manda a conveniencia do esforzo de tantos anos desta cidade e do sur de Galicia.

Se dende aí pasamos ós datos concretos, volven estar absolutamente claros porque a auditoría de KPMG cando fala dos 1.160 millóns de euros que se necesitan, só alude ó máximo legal permitido. Pero xa sabemos tamén que non son suficientes, sabemos que como condición previa a calquera paso a esa marcha conxunta como aquí dicíamos hai que lle dar viabilidade coa achega de fondos adicionais e iso hai que o

facer vendendo 12.000 millóns de activos, que liberen 1.000 millóns de recursos propios que eleva a cantidade necesaria a 2.200 millóns de euros.

Á parte é condición imprescindible vender previamente 250 oficinas á rede exterior de Caixa Galicia para engadir a esa cantidade, o que quere dicir que este proceso conxunto é posible e viable se se achegan en torno ós 2.500 millóns de euros.

Adicionalmente e por razóns de competencia hai que pechar 230 oficinas o que significa que isto adelgazará a unha das caixas de aforros en 480 oficinas. Se a suma total do que se necesita son 2.500 millóns de euros e a función en sentido estrito, indemnizacións, etc., suma 400, quen necesita 2.100 millóns de euros? Caixanova non.

Caixanova non necesita ningunha achega para continuar adiante. Pois se hai alguén que necesita eses recursos significa que a solvencia está a carón de Caixanova de Vigo, significa que foi o esforzo do sur de Galicia, de Caixanova que xa opera en toda Galicia, o que fixo posible esta situación. Por iso é necesario seguir dicindo que é Caixanova que ten que liderar isto.

Agora estamos nun proceso no que lidera estas conversas o presidente de Caixanova que de se deixar levar polas pretensións da Xunta de Galicia tivese sido cesado hai dous meses.

Pero cando se formula neses termos non se está a facer referencia a un home concreto, unha persoa concreta por certo moi digna da que estamos a falar, estamos a falar do presidente de Caixanova. Falamos de que lidere o presidente de Caixanova, o director xeral de Caixanova e o consello e dirección de Caixanova. Estamos a falar de cargos institucionais e é tan importante que o presidente sexa o de Caixanova porque unha vez que, en aras de chegar a un acordo e non sei se indebidamente, se cede por parte de Caixanova que o consello estea metade e metade, a maioría acádase co voto de calidade do presidente.

Por iso non é certo que o problema sexa o presidente. O presidente de Caixanova é a solución. Son o presidente, o director xeral e Caixanova quen están achegando a solución a este problema de fusión. Fusión con hexemonía, marcha conxunta con hexemonía e iso ten un nome técnico que se queren logo lles repito.

Quero dicir algo máis. En termos de viabilidade económica, con todos estes recursos, esa nova caixa vai estar moi xusta, xusto na raia e por iso se se leva adiante este proceso vai haber que achegar por riba do que estou a dicir máis recursos que a Xunta de Galicia terá que estudar en modo de avais.

Estase a facer un esforzo por unha caixa de tamaño medio moi saneada para unirse cunha caixa de tamaño grande e, polo dicir dun xeito respectuoso, en non tan boa situación.

Por iso o que temos que facer agora na miña opinión é levar adiante esta moción para que Caixanova lidere, para apoiála contra os ataques do norte, para ter maioría nas decisións, para que Vigo sega a ser o gran centro financeiro de Galicia e sobre todo para asegurar unha caixa galega, non vaia ser que deste proceso de marcha conxunta resulte unha caixa que cometa erros como fixo algunha e ó final desaparezcamos e nos quedemos sen ela.

Por todo iso eu quero dicir con todo respecto a todos os grupos políticos que propoño que apoiem esta proposta da Alcaldía sobre caixas de aforros nos termos nos que está escrita, que en suma é o apoio a que Caixanova lidere e a que poidamos ter unha caixa de marcha conxunta en Galicia. O contrario deberá ser que Caixanova continúe soa.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Quero empezar dicindo que o Bloque Nacionalista Galego sempre que forma parte dos distintos gobernos municipais, faino con ánimo de traballar para a xente. Estamos facéndoo así e seguiremos a facelo nun goberno municipal coma este que está transformando a cidade, que nesta lexislatura está a facer que Vigo de novo volva coller pulo e volva transformarse e polo tanto que o BNG sempre forma parte dos gobernos con esta responsabilidade de traballo.

Digo isto para aforrar ó Sr. Louzán que mañá volva pedir a miña dimisión ou o meu cese por aquilo que hoxe se poida dicir aquí nun tema coma é a lei de caixas. Sr. Caballero, digo isto porque é evidente que neste tema vai ser que non, unha vez máis non podemos estar de acordo.

Cando lín a resolución que vostede nos propón de verdade que nun primeiro momento crín que eu formaba parte do consello de administración de Caixanova porque esta proposta ma fan a min. Tiven que lela varias veces e non daba creto a que nun Pleno da Corporación municipal se traía a aprobación que "...o presidente será Julio Fernández Gayoso, o director xeral será José Luis Pego Alonso. Caixanova ostentará a maioría no comité de dirección. A sede resultante será..." Todo será, será e será. De verdade que nun primeiro momento crín que isto era a orde do día dun consello de administración e non dun Pleno da Corporación municipal.

Que sentido ten este Pleno? Hoxe mesmo e todos así o agardamos, pode haber unha

solución. Dito por todos nestes días, polo BNG, polo PP e polo Partido Socialista, que anima, que pide o Partido Socialista que haxa e que chegue a bo termo esa fusión. Que sentido ten polo tanto que hoxe esteamos nós aquí facendo un Pleno cando sempre se dixo, por activa e por pasiva, que hai que deixar que as caixas camiñen, que decidan o seu proceso de fusión? Fusión que agora se chama marcha conxunta, dáños igual.

Dígolle con todo o respecto, Sr. Caballero, que me parece que este Pleno é como aquel neno da escola que lle quita os deberes no último momento ó máis listo da clase para presentarllos antes que ninguén á súa profesora. Dáme a impresión que este é o sentido que pode ter este Pleno. Todo o que aquí se di é o que está saíndo nos medios de comunicación, nuns dun xeito e noutros doutro.

Que se está a barallar que a presidencia sexa para o Sr. Gayoso é *vox populi*, todo o mundo coñéceo e ogallá sexa así porque nós apostamos porque o Sr. Gayoso sexa o presidente da nova caixa. Que o director xeral sexa José Luis Pego parece, polo que uns e outros medios nos din, que hai unanimidade en que o sexa. Que sentido ten entón o Pleno de hoxe?

Para nós o único sentido Sr. Caballero é o seu afán de protagonismo neste tema e dígollo con todos os respectos. Ese afán que o levou dende o principio cando empezou este proxecto e agora dalgún xeito coido que aquí se trata de salvar esa fusión pola que moitos apostamos dende un principio, cousa que vostede non fixo, e que agora evidentemente ve coma argumento tras argumento dos que utilizaba se lle van abaixo. Coido que este é o sentido deste Pleno.

De todas as cousas que se dixeron neste proceso a min persoalmente houbo unha que me sentou francamente mal a nivel persoal. Cando un día vostede, contestando a algunhas das miñas manifestacións, dixo que os que non entendan de economía deixen falar ós que entenden. Ó mellor habería que lle dicir ó Sr. Zapatero que tampouco fale de economía ou de fusión, que eu saiba non é economista; tamén habería que dicirllo ó Sr. Rajoy.

Ese afán de protagonismo foi o que lle levou sacar a 22.000 persoas, máis ou menos, á rúa contra a fusión ou polo menos a convocalas, prognosticando absoluta ruína e catástrofe se había fusión, palabras de seu. Créame que llo digo con todo o respecto porque son o seu socio de goberno e pretendo ademais seguir séndoo nesta lexislatura e posiblemente nas que veñan.

Créame que ese afán de protagonismo non é bo para o alcalde dunha cidade.

Vostede foi elixido pola cidadanía e apoiado polo BNG para dirixir unha nave que é a cidade de Vigo e foi elixido para que entre todos gobernemos esta cidade e non para que esta cidade teña que bailar ó seu son. Vostede é alcalde desta cidade ou debería selo non para recibir aplausos nin para estar nas fotos, vostede debe ser o alcalde desta cidade para que os aplausos os reciba Vigo e que nas fotos sempre estea Vigo, a nosa cidade.

Ás veces os líderes debemos dar un paso atrás para que a cidade avance. Debemos sacar os valores da sociedade e os valores dos grupos nos que traballamos para que o traballo triunfe.

Nin eu nin o BNG nunca imos crer neste xeito de facer política. A política non pode ser igual a votos a calquera prezo. O BNG e máis eu cremos na coherencia política que significa que cando cres en algo e cres que ese algo é o mellor para Vigo e para Galicia o defendes sen importarte o que che digan, sen importar que mesmo iso te poida restar votos nun momento determinado. Esa é a práctica política que eu sempre vou defender: a coherencia.

No momento no que se inicia este proceso os do BNG fomos acusados de traidores a Vigo, de que queríamos vender Vigo á A Coruña, mesmo se chegou dicir por aí que nos tiñamos que marchar desta cidade, que non eramos dignos dela. Por coherencia política e porque aínda hoxe cremos que isto é o mellor para Vigo e para Galicia seguimos manifestando que a fusión é viable, factible, solvente e que é o mellor para Galicia. Exactamente o mesmo que vostede acaba de dicir agora.

Logo de moitos meses acaba de dicir que se se fai así, esta marcha conxunta, como vostede lle chama agora, é viable e entón serve. Hai oito meses non lle servía ningún tipo de fusión. Cando o BNG reclamaba por que non traballábase, por que non dialogábase de cal sería a mellor fusión había alguén que non quería oír falar de fusión, de ningunha. Nunca neste Pleno escoitamos que unha fusión, onde a presidencia, isto e aquilo, sería solvente e viable.

Se o escoitásemos naquel intre nos teríamos aforrado moitas discusións porque fomos os primeiros que dixemos que nós, como vigueses e defendendo a esta cidade, queríamos que Caixanova tivera sempre un papel predominante nesa fusión. Dixémolo. Pero hoxe é a primeira vez que escoitamos neste Pleno que unha fusión así vale. Por que non empezamos así hai oito, nove ou dez meses? Esa é unha pregunta que eu non podo responder porque este si foi o camiño que dende sempre quixo iniciar o BNG.

Coherencia cando un cre que algo é importante para a súa cidade e nisto das caixas se unha forza política foi coherente dende o principio foi a que eu teño o orgullo de representar. A mesma coherencia e os cidadáns lémbrense de cando impulsamos nesta cidade as humanizacións, as peonalizacións cando o Partido Popular estaba absolutamente en contra desas humanizacións, cando líderes destacados do Partido Socialista que hoxe ocupan altos cargos estaban en contra delas e hoxe mesmo veñen inaugurar humanizacións do Partido Socialista. Ou a Sra. Porro que estaba en contra totalmente das humanizacións do Calvario, da praza da Independencia e que se adicou a humanizar o centro de Vigo. Esa é a coherencia, de se manter naquilo que unha forza política coida que é positivo para Vigo e para Galicia.

Coherencia, Sr. Caballero, e humildade. Un alcalde en moitas ocasións debe practicar a humildade. Humildade para saber escoitar e para non se crer omnipotente. Eu non son economista pero a miña falla de estudos na economía súploa con traballo, con asesoramento e escoitando a quen entende de economía e iso dáme tanta lexitimidade para poder opinar como a calquera catedrático de economía que exista. Con todo o cariño voulle dar un consello: aplique de cando en vez un proverbio que a min me gusta moito repetilo: di que sabes e preguntaranche ata que non saibas; di que non sabes e explicaranche ata que saibas. É un proverbio moi interesante para aplicar.

Coido que, precisamente por non aplicar isto neste tema en concreto das caixas, vostede perdeu toda a credibilidade, Sr. Caballero. “Se Caixanova non segue soa non me presentarei ás eleccións”; resolución de hoxe: “...sobre a construción dun novo mapa financeiro galego e coa procura dun novo proxecto conxunto entre ambas”.

Outra cita textual: “O resultado da fusión é unha caixa enferma”; deste xeito xa non está enferma. “A fusión non será nin igualitaria nin paritaria e Caixanova terá en todo caso dez a un nos membros do seu consello”; diso aquí non se fala. O 1 de decembro dicía o Sr. Caballero: “A fusión non se levará a cabo nunca”; hoxe aquí se fala da fusión.

Vostede argumentou para derrogar a lei anti-caixas que quen era o Parlamento Galego para incidir no futuro das caixas. Voulle ler unhas declaracións de seu no xornal El País: *“O Alcalde de Vigo Abel Caballero considera que el futuro de las cajas de ahorro no es un asunto que deba abordarse desde la política, tiene que ser tratado desde el ámbito técnico de la situación de cada una de las cajas, desde la autonomía de sus órganos de decisión y desde la capacidad del Banco de España. Lo*

que yo quiero de momento es que se respete la opinión de las cajas. Eso es lo prioritario. La política non puede liderar eso, no se puede politizar un tema que por su esencia no debe estar sometido a presiones políticas”.

Non sei como se chama isto que hoxe se trae aquí.

SR. LÓPEZ FONT: No nome do Grupo municipal Socialista coido que o primeiro que procede é xustificar a convocatoria deste Pleno, esta convocatoria que foi cuestionada por parte do representante do Bloque Nacionalista Galego. Coido que hoxe é un día importante para Vigo se ese proxecto en común das caixas de aforro se pon en marcha, polo tanto é un día no que o Pleno deste Concello, os concelleiros, os tres grupos municipais, debemos tomar posición clara na situación na que estamos. É necesario que diga cada quen cal é o seu posicionamento, non se pode estar durante meses dicindo eu defenderei Vigo, defenderei Caixa nova e cando chega a hora da verdade dicir o contrario, por iso coido que hoxe cada quen aquí, ante que membros de cada un dos nosos partidos, debemos ser concelleiros do Concello de Vigo.

Dende o grupo municipal Socialista estamos satisfeitos de que o alcalde tivera a valentía de realizar este Pleno sobre temas que afectan ó futuro desta cidade e que afectan a unha entidade desta cidade que prestou servizos durante 131 anos. Non estamos no consello de administración de Caixanova, non estamos nun proceso no que queiramos mediatizar politicamente unha operación que, como dixo o alcalde dende o primeiro momento, debe decidirse entre as caixas.

Así foi pero non empezou así, Sr. Domínguez Olveira, empezou cun intento do presidente Núñez Feijóo de agresión a esta cidade de impoñer unha fusión. Continuou cun proceso de fusión das caixas que, como non lle saíu polas boas, foise a unha lei expreso, unha lei mal negociada, mal desenvolvida e a unha lei que significaba a absorción e esa é a súa responsabilidade perante a cidade de Vigo, Sr. Domínguez. Esta é a realidade.

Puxo vostede o exemplo dun exame; pois eu lle vou poñer outro exemplo sobre o que fixo o BNG: puxo a esta cidade un exame trucado no que a única solución era que se esa lei se mantiña, hoxe Caixanova estaría desaparecida, estaría absorbida por Caixa Galicia. Hai que dicir a verdade do que significaba esa lei, non nos podemos quedar en termos abstractos de fusión, de absorción, de que un estaba a favor dunha cousa e outro doutra.

Durante sete meses a única postura coherente con respecto á cidade de Vigo foi a do alcalde e o Bloque Nacionalista Galego no pode presumir desa coherencia neste tema porque permitiu que os parlamentarios do BNG en Galicia votasen unha lei de tamaños, como ben dixo o alcalde, unha lei que desenvolvéndoa desaparecía este Concello coma entidade fundadora da futura caixa e, vostedes sábeno ben e o Partido Popular tamén, unha lei que significaba o adelgazamento por non dicir que practicamente a desaparición dos representantes da cidade de Vigo.

Coido que este proceso tivo un desenvolvemento no que o alcalde si se propuxo defender a esta cidade, o alcalde nunca foi contrario a unha fusión. Dixo que se fixera dende as caixas de aforros, cuestión que o presidente da Xunta coa complicidade do BNG trataron de impedir. Por iso si é importante o que dixemos cada quen e que teñamos aquí unha posición coherente. Antes que membros de cada partido político ó que representamos, aquí estamos como concelleiros de Vigo.

Eu oínlle dicir á Sra. Porro que ía antepoñer Vigo a todo o demais; pois xa vin o que fixeron os concelleiros do Partido Popular. Oín ó Sr. Domínguez no nome do BNG dicir que o importante era Vigo e que el sempre o defendería; hoxe di que ogallá se cumpran todas as propostas que fai o alcalde de Vigo a este Pleno. Entendo que vai votar a favor destas propostas.

Estamos nun momento moi importante en relación ás caixas e non é un xogo de palabras, é un proxecto común que non o era ata o de agora, Sr. Domínguez Olveira. Ata agora o formulado era estritamente unha absorción de Caixanova por Caixa Galicia. Todos vostedes sábeno e algunhas das intervencións que se produciron aquí e que seguro que se producirán o que van tentar é tapar a mala conciencia que se ten con respecto a esta cidade porque nin BNG nin PP a defenderon. Vostedes saben que os cidadáns están a favor de que non perda esta cidade unha entidade necesaria e que lle prestou servizos durante 131 anos.

Si é importante a proposta de resolución que presenta o alcalde a este Pleno. Non é unha cuestión de persoas, é cuestión de que se nun momento determinado as dúas caixas deciden un proxecto conxunto, esa caixa ten que ser gobernada e ata o momento das dúas entidades que poden ir nun proxecto común a única que demostrou solvencia e xestión eficiente foi Caixanova e ninguén o pode rebater aquí. Por iso e coa valentía política que citaba anteriormente, propónse a este Pleno no nome da cidade de Vigo que o presidente sexa o Sr. Gayoso e non por un tema persoal senón polo demostrado ata agora; por suposto que se propón que o Sr. Pego

sexa director xeral; propónse que a maioría a teña Caixanova polo que demostrou en xestión eficiente ata agora; propónse que sexa a cidade de Vigo porque só esta cidade pode liderar este proceso.

Pero propónse algo que non lle gusta porque a súa formación política foi a que se atribuíu a famosa lei e propónse que esta lei se deixe sen efecto. Esta é a orixe do mal, Sr. Domínguez. O alcalde tivo a humildade suficiente para liderar este proceso, recolleu todas as opinións dos cidadáns e a gran cruz que levan o PP e o BNG é que o sentir maioritario da cidadanía, agás os políticos e os representantes de seu, tal como se demostrou na manifestación do 9 de febreiro, era que Caixanova non saíse desta cidade. Esta é a realidade, eu non oín a ninguén na rúa dicir que lle pareza ben a absorción.

Con esta proposta coido que temos dous valores fundamentais: estamos recoñecendo o papel desempeñado por Caixanova e polos seus directivos, sen poñer nomes e apelidos, a súa contribución ó mapa financeiro galego, á economía de Vigo, da súa comarca e tamén de toda Galicia. Pero o máis importante é que co que estamos propoñendo, co que dicimos que debe ser o rumbo e a dirección da nova caixa no suposto de que así o decidan libremente as dúas caixas, é un exercicio de confianza en quen ata agora liderou de forma eficiente Caixanova e pode presentarse hoxe coma unha entidade que non necesita de recursos alleos a diferenza doutras.

Remato como empecei, este Pleno é moi necesario porque vai marcar na historia de Vigo quen está a favor do que representa Caixanova nesta cidade, do que representou e do que vai representar e ogallá nalgún momento da historia desta cidade algún outro alcalde tivese a valentía de traer a Pleno temas tan concretos como os que se presentan no día de hoxe.

Os socialistas dende o primeiro momento fomos coherentes coas propostas relativas ás caixas, fomos solidarios con todo o territorio de Galicia para que houbera unha boa solución. Pero evidentemente todo isto iniciábase cando o Sr. Núñez Feijóo quere converterse no campión de Galicia, no dono político da caixa de aforros de Galicia única e atopa a complicidade do BNG coa proposta de lei.

O máis satisfactorio para os socialistas foi que todo isto foi percibido polos cidadáns, foi apoiado polos cidadáns e quen non estiveron na manifestación do 9 de febreiro e que deberían ter estado non viron a cara de satisfacción dos cidadáns, non viron a cara coa que se defendía as institucións desta cidade. Quen non estiveron naquela manifestación dificilmente poden falar dela pero esa é unha data decisiva na historia

de Vigo e do que está a facer o alcalde por esta cidade. O que me satisfai é que saes á rúa, sexa onte ou antonte, e aínda nos din que non cedamos neste tema.

Polo tanto este é o momento en que os concelleiros deste Concello para o que fomos elixidos, demostramos aquí se realmente estamos para defender á cidade de Vigo ou para defender posicións partidistas que pouco teñen que ver con esta cidade.

SR. FIGUEROA VILA: Cando empezou no Concello o rumor de que o alcalde ía convocar un Pleno extraordinario relativo ás caixas, dende o noso grupo fixemos algunha reflexión, que seguramente o alcalde estaría arrepentido de todo o percorrido que fixo ata agora, que pensaría que é bo chegar a un acordo e buscar un consenso para defender a fusión que está en marcha, pero non. O alcalde convocou un Pleno para xustificar o seu fracaso e haillo que dicir á cidadanía.

Recollo as palabras do alcalde: en primeiro lugar dixo que Caixanova tiña que continuar en solitario; en segundo lugar dixo que tiña que haber un SIP no que tiña que estar Caixanova; logo convocou unha manifestación para dicir nunha pancarta “Non á fusión”; en cuarto lugar dixo que tiña que ser unha fusión por absorción. E agora denomina esta nova situación como “marcha común”. Cinco posturas distintas en sete meses.

Este Pleno culmina unha cantidade de despropósitos que está vostede a levar a cabo con esta situación financeira, a máis importante de Galicia en toda a súa historia.

É unha operación inevitable nestes momentos de crise e hai que dicilo porque ninguén fala do por que chegamos a esta situación da reestruturación financeira española e galega. Pois é porque vostedes hai dous anos e medio negaron unha crise que había en España, en Galicia e en Vigo. Dóelles porque esa é a realidade do problema. O problema nace de que hai un Partido Socialista que nunha campaña electoral non recoñece a situación de crise que estamos a vivir en España e polo tanto, a partir dese momento, o Banco de España ten que impulsar unha reestruturación do sistema financeiro español.

Esta é a realidade e vostede, Sr. Alcalde, en todo este proceso non aplica para nada o sentido común. Fala dun ataque do norte ó sur. Non lembra que vostede é fillo adoptivo da cidade de A Coruña? Non lembra que se presentou pola provincia de A Coruña ó Parlamento Español? Vostede cambia de opinión e cambia de escenario segundo lle interesa, única e exclusivamente. Se lle interesa dicir que é fillo adoptivo de A Coruña porque apoia ó aeroporto de Alvedro en detrimento do de Peinador,

faino; se se presenta pola provincia de A Coruña ó Parlamento Español en detrimento doutras provincias, faino. Agora dálle igual dicir que defende un SIP, unha fusión por absorción, unha non fusión ou que defende unha marcha común.

Este é o momento da verdade, onde o presidente do seu partido e presidente do goberno de España, o xefe da oposición, o Partido Popular, o Bloque Nacionalista Galego, o Partido Socialista, din que hai que apremar unha fusión das caixas. Dino todos os medios, todos os comentaristas, todos os especialistas. Coido que houbo unha xuntanza do líder da oposición co presidente do goberno e acordaron que hai que facer unha reestruturación e unha fusión das caixas. Defendieron a fusión das caixas galegas e a partir de aí o Banco de España aprema a Caixanova e Caixa Galicia para que se poñan de acordo nunha fusión equilibrada. E vostede empéñase en irromper por enésima vez, en rachar este diálogo e este consenso.

Pero o alcalde faino única e exclusivamente por protagonismo porque a vostede non lle preocupan as caixas, dálle igual presentarse por A Coruña, por Vigo, ser fillo adoptivo de A Coruña ou do que sexa. Un protagonismo que a sociedade non demanda porque o que quere é unha solución. Por respecto a Vigo, a Galicia, á Corporación que vostede preside pídolle que respecte ás Caixas, ó traballo que están a facer en momentos importantes. Abandone ese falso protagonismo demagóxico que o leva a vostede cometer cantidade de erros.

Os consellos das caixas están a negociar, coido que tanto uns coma outros teñen a potestade, os coñecementos, a formación e por suposto interese de que Galicia teña un sistema financeiro que sexa respectado. Iso é o que temos que promover todos, o que deberíamos promover dende esta Corporación, pedirilles ós representantes das caixas que busquen a mellor solución que lles demandan os galegos e por suposto que demandan os vigueses.

Pero a vostede sempre lle gusta entremeterse, tenta condicionar e buscar o seu protagonismo que evidentemente non é o dos vigueses nin dos galegos. Eu pediríalle que escoite á maioría cualificada desta Corporación. Os socialistas cando queren utilizan ás maiorías, din que a democracia é o sentir do pobo; pois vostede escoite á maioría cualificada desta Corporación, á maioría da cidadanía, ós traballadores das caixas que hoxe están aquí representados e que tamén queren esa fusión porque saben que é o mellor para eles, para Vigo e para Galicia. Non boicotee a fusión das caixas.

Non tente boicotear porque ese é o único obxectivo que vostede persegue, o único

que lle importa é rendibilizar por un puñado de votos e defender un interese particular e concreto e niso é no que está a errar. Fixo unha manifestación e dixo que non á fusión; agora estamos a falar dunha fusión. Enganou a todas esas persoas que foron á manifestación ou tentou facelo porque a pancarta di claramente “Non á fusión” e vostede levantaba os dedos co signo da vitoria.

Non gañou a non fusión, agora estamos a falar xa dunha fusión e ademais igualitaria e paritaria que é o que queren os vigueses e os galegos. O Banco de España deixouno moi claro cando vostede defendía un SIP porque vostede defendeu de todo. Eu tíñalle preparado, pero coido que é unha falta de respecto a esta Corporación, unha serie de declaracións de seu nese programa de “Aló presidente” que ten pagado por vostede mesmo. O Alcalde, pagado polo Concello, fai un programa no que responde ás súas propias preguntas e vostede dicíallo claramente: “Se Caixanova non segue en solitario eu non me presento ás eleccións” e non diga que non porque logo llo imos entregar a todos os medios de comunicación. Cando vostede defendeu o SIP o Banco de España díxolle claramente que era unha fusión máis lenta pero que era unha fusión e que non era reversible. Logo abandonou esa idea.

Coido que a saída máis coherente posible para a situación das caixas galegas é a que se está a producir, a que se está a negociar e é normal que exista esa negociación. Nós sempre dixemos que ogallá desa negociación saia un consello de administración onde Vigo e Caixanova teñan o peso que lles corresponde. Dixémolo por activa e por pasiva; dixémoslle a vostede que o debate non era “non á fusión”; era tentar que dentro desa nova caixa galega Vigo tivese o peso que lle corresponde.

Sr. Alcalde, o problema que ten vostede é de protagonismo, segue necesitando protagonismo e titulares. Ultimamente empeza a falar de fusión por absorción; todos, mesmo o seu partido, dicían que iso era imposible. O seu secretario xeral de Galicia dixo claramente que se necesitaba unha fusión igualitaria e paritaria; vostede non, vostede fusión por absorción. Supoño que empezará decatarse de que xa non hai unha fusión por absorción senón que hai unha fusión igualitaria e paritaria ó 50%. Coido que iso é o que se está a negociar e que ademais vostede o coñece perfectamente.

Sr. alcalde, connosco non vai contar para facer un *paripé* para tentar xustificar a súa actuación e o seu comportamento. Ultimamente vostede ven predicando no deserto, cría que tiña unha parroquia importante pero cada día no que vostede traslada a súa

mensaxe quedan menos porque a xente é coherente, os cidadáns son responsables, son o suficientemente intelixentes como para darse de conta de que vostede utilizou todo este proceso das fusións das caixas para tentar rendibilizalo electoralmente e buscar un puñado de votos.

A verdade é que ós vigueses nos ten bastante aburridos pero é que agora xa o coñecen tamén noutros lugares coido que única e exclusivamente por defender un localismo que está trasnoitado, que non está á altura destes tempos. Vostede pasará á historia coma o alcalde que pretendía reducir a categoría de Vigo a un pobo hostil e Vigo non o é; é un pobo dinámico, forte, que ten peso suficiente a pesar de ter un alcalde cativo, de ter un alcalde que Vigo non merece.

Vostede pasará á historia por ter sido un obstáculo para esta fusión. Hai que lle dar as grazas por nada do que está a facer vostede, está prexudicando dun xeito claro á cidade, está buscando a confrontación e o enfrontamento. Vostede está só nesta Corporación, só perante a cidadanía, só perante o seu partido, só perante Vigo e tamén só perante Galicia. Pediríámoslle que rectifique porque aínda está a tempo. Non sei se o fará porque a súa egolatría e a súa prepotencia seguramente non lle permiten rectificar nin ser quen de corrixir e buscar solucións que ata o de agora non defendeu, pero nos parece que as acusacións verquidas por vostedes contra as caixas son frívolas e inoportunas.

Sabendo que un das condicións máis importantes do sistema financeiro é a confianza, como pode vostede poñer en risco de que se poida producir unha escorrentada, tanto dos clientes de Caixanova como de Caixa Galicia, coas afirmacións e declaracións que está a facer? Non se da conta de que iso é dunha persoa irresponsable? Sobre todo no seu caso, como dicía o Sr. Domínguez Olveira, que presume que sabe de economía. Coido que é unha frivolidade dunha magnitude e unha inoportunidade, unha irresponsabilidade tan grande que vostede poida facer as declaracións que fai, poñendo en risco o sistema financeiro galego e que se poida producir unha escorrentada dos clientes das dúas caixas que eu non sei se sabe moito de economía, pero irresponsable e un alcalde cativo si que o é porque un alcalde ten que ter outras miras e tentar ter outra actitude e outro comportamento.

Hai un dito que di que se pode enganar a algúns algún tempo e mesmo a moitos durante moito tempo pero non se pode enganar a todos toda a vida. Antes sabíamos isto só en Vigo pero agora toda Galicia xa sabe que vostede non é de fiar. Hoxe estamos a ser os bufóns de toda Galicia, estamos a facer o ridículo.

Como dicía o Sr. Domínguez Olveira este Pleno é unha farsa para xustificar única e exclusivamente o seu fracaso. O fracaso dun alcalde que dixo que Caixanova tiña que seguir en solitario, que había que facer un SIP, que convocou ós cidadáns vigueses para dicir non a unha fusión, que isto tiña que ser unha fusión por absorción e por último di marcha común. Xa nos explicará vostede o que é a marcha común.

Coido que sería bo que rectificase e dende logo connosco non vai contar para este *paripé*, para unha vez máis volver errar, trabucarse e poñer en perigo o sistema financeiro vigués e galego.

A PRESIDENCIA: Eu xa non contaba con vostedes, Sr. Figueroa. O alcalde desta cidade xa sabe que para defender Caixanova e para defender a esta cidade non conta co Partido Popular de Vigo e esta é a maior preocupación que ten o alcalde neste momento: observar que nun momento tan importante e nunha cuestión de tanta envergadura na que todo Vigo está envorcado e pendente, o alcalde non conta co apoio do Partido Popular de Vigo.

O Partido Popular de Vigo sabe que cando adopta esta posición de seguidismo do Sr. Feijóo e das posicións do seu partido en Galicia está traizoando ós intereses dos seus electores. Sábeo sobradamente porque nesta cidade a defensa de Caixanova e a defensa de Vigo neste momento é un clamor perceptible, non é necesario recorrer a ningunha enquisa para o saber, basta con estar na rúa e vostedes sábeno porque llo din ata os seus militantes, os seus votantes e llo din os cidadáns. Dinlles que cambien de posición e que apoien a Caixanova e ós intereses desta cidade, xa non digo ó alcalde.

Quero dicirlles que se esta cidade non se planta coa lei de caixas de aforros elaborada entre o Partido Popular e o Bloque, neste momento Caixanova estaría absorbida por Caixa Galicia, o presidente e o director xeral de Caixanova estarían cesados e aquí mandarían os de Caixa Galicia. Se non paramos esa lei produciríase un cambio de órganos de goberno que levaría por diante a Caixanova. Afortunadamente esta cidade reaccionou e o goberno de España fixo cumprir a Constitución e paralizou aquel intento de absorción de Caixanova por Caixa Galicia que sería malo para Vigo e nefasto para Galicia.

Xa sabemos coma están as cousas e dimos números hai un rato que ninguén contestou. Quen necesita os 2.000 millóns adicionais que hai que achegar a esta operación? Caixanova non. Por que, por tanto, está a acontecer todo este cúmulo de

presións nos que todo Vigo escoitou nada menos que ó Sr. Rajoy dicir que o presidente de Caixanova tiña que cesar? Nada menos que o líder do Partido Popular de España atacou ó presidente de Caixanova cuxo único delito foi defender á súa entidade e a esta cidade. Iso é o que está a pasar, unha inmensa presión.

Por iso, Sr. Domínguez Olveira, facemos este Pleno, para neutralizar e para poñer en claro as posicións políticas desta Corporación. Claro que hai que falar, claro que eu escoitei ó don Guillermo Vázquez dicirlle ó Sr. Feijóo que fixera unha proposta concreta de saída da negociación das caixas. O seu líder político. Iso é o que hoxe está enriba desta mesa, unha proposta concreta que todos parecemos aceptar pero que o BNG e o PP non votan. Parecemos estar de acordo e mesmo dicimos canto nos gustaría que fose así. Pois defínanse e voten e deixen de admitir a tutela que lle están a dar os seus líderes de Galicia.

Voten de acordo cos intereses desta cidade e non permitan esa enorme presión que estamos vendo continuamente e de xeito manifesto porque debo dicir que se non reaccionamos, se non estamos neste debate, xa estaríamos con Caixanova absorbida por Caixa Galicia.

O que hai que facer neste Pleno é defender Vigo, defender a esta cidade e os datos aválannos, a solvencia e a economía deste territorio aválannos. Aínda vou máis alá. Claro que tivera sido unha ruína aquela fusión e non o di só o alcalde de Vigo, dino os medios de comunicación de España, escrito está nos medios máis solventes deste país que falan dos datos de cada unha das caixas e isto é coñecido publicamente por todos. Iso sería unha ruína e unha catástrofe para Vigo e para Galicia.

Agora xa sabemos coma está a situación e polo tanto do que se trata é de poñer de manifesto a defensa dos intereses de Vigo e de Galicia, poñer de manifesto que aquela lei foi un inmenso erro e repito que este proceso só vai adiante se aquela lei queda paralizada e derogada. Miren se aquela lei que elaboraron o Partido Popular e o Bloque coa nosa oposición manifesta era unha barbaridade que fixo que nos enviaran esta convocatoria para reelixir ós membros do consello de Caixanova.

Por certo, mandarei a gravación da televisión para que todos a teñan porque nunca dixen o que vostedes din que dixen sobre presentarme ou non. Imos ver a transcripción desa gravación, non o que di un diario que eu dixen. Vostedes sempre fan esas mentiras, meten a alguén que diga e logo din que o dixen eu. Está gravado. Cando dixen dez-un non era o consello de administración, era de dirección e quero dicirlle que neses termos están falando hoxe, en termos dunha gran maioría de

Caixanova nese consello de dirección.

Este non é un problema de protagonismo de ninguén, é un problema de quen defende Vigo e quen cede perante as presións que lle están a facer os seus líderes políticos de Galicia. Aquí é onde nos temos que ver, na defensa desta cidade, dos intereses económicos, do emprego e da marcha desta cidade, en suma na defensa da verdade e a verdade era que aquí había unha inmensa operación para que Caixanova resolvese os problemas dunha entidade do norte.

Afortunadamente freámola e repítolles que estamos a falar, non dun xeito paritario, senón dunha maioría no consello por parte de Caixanova. Esa é a condición e se non se cumpre non haberá acordo. Por tanto aínda hai dúas opcións: ou Caixanova lidera isto na forma que aparece na nosa proposta ou Caixanova segue soa.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Sr. Caballero, co Bloque Nacionalista Galego e con Santiago Domínguez pode contar sempre que queira para defender a esta cidade e a Caixanova, cando queira, pero evidentemente non como vostede pretenda e esa é a cuestión. Aquí se fala moito de defender os intereses de Vigo e cámbianse os discursos, faise demagogia.

Para defender a Vigo e a Caixanova cando queira pero non como vostede quere senón coma é mellor para Vigo e para Caixanova. Por iso vostede presenta isto sen tentar consensuar absolutamente con ninguén a defensa de Vigo e de Caixanova.

Aquí se dixo algunha cousa que non é así. Alguén escoitou a algún representante do BNG dicir que non queríamos que o Sr. Gayoso fose o presidente? Alguén de nós dixo que non queríamos que Caixanova abandeirara este proceso? Non, o que nós dicimos é que queremos unha fusión equilibrada e paritaria onde Caixanova teña o peso que lle corresponda.

Sinto un respecto moi profundo polo Sr. Gayoso, corroboro todas as palabras que vostede dixo del, un home que defendeu a esta cidade, que traballou por ela. Pero, por favor, cando estamos a poñer en xogo o futuro económico e financeiro de Galicia, de Vigo, a solución pasa por unha persoa?

Aquí tamén se dixo “Nunca nos opuxemos a unha fusión...” Por favor, cando eu vou diante dunha pancarta fágoo con todas as consecuencias. Eu fun diante dunha pancarta hai uns meses para defender a sanidade pública e non vou cambiar mañá, vou seguir dicindo sempre que defendo á sanidade pública e que imos estar sempre en contra do Partido Popular cos seus desexos de privatizar á sanidade pública. Hai

que ser coherente cando se vai detrás dunha pancarta que poñía claramente “Non á fusión”, non poñía “Non a esta fusión”.

Outra das cousas que non me senta ben persoalmente pero a teño que aceptar, é que vostede infravalora ós líderes políticos doutras forzas. A min estame infravalorando. Eu non son “seguidista” nin o fun nunca de ningún líder político do BNG. Se non estivese de acordo coa política do BNG e estivese claramente convencido de que esa política que se formula dende a nosa organización nacional fose contraria ós intereses de Vigo, tería marchado e diríao publicamente. Non me infravalore vostede porque neste caso parece que o único do mundo que ten a razón é vostede, equívocase o seu Partido Socialista en Galicia, equivocámonos o BNG, o Partido Popular, equívocanse os empresarios galegos que aposta pola fusión, os tres sindicatos maioritarios. O único non equivocado é vostede. O tempo, como fixo en todo este proceso, pon a cada quen no seu sitio.

Aquí tamén se dixo que hai quen quere que Caixanova se vaia para fóra ou que se quede aquí. Voulle lembrar unha cousa: gracias precisamente a esa lei de caixas e gracias á coherencia do Bloque Nacionalista Galego podemos estar a falar hoxe dunha fusión coas características que vostedes esta a definir porque se nos guiamos pola primeira alternativa que vostede presentou aquí, Caixanova hoxe xa non estaría porque vostede defendeu dende o principio un SIP e o SIP significa que o 40% dos activos de Caixanova se ían a unha entidade central e que había que crear unha nova entidade aquí sen poder de decisión. Gracias á coherencia do nacionalismo puidemos parar iso.

A PRESIDENCIA: Rematou o seu tempo.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Coido que na súa última intervención foi de 8 minutos, se non me equivoco. Eu levo cinco.

A PRESIDENCIA: Dígolle que rematou o seu tempo.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Pois remato entón. Voulle falar da Lei.

SR. FIGUEROA VILA: Unha cuestión de orde. Coido que este tema é demasiado importante como para se necesitamos cinco ou dez minutos máis...

A PRESIDENCIA: Sr. Figueroa, o debate diríxoo eu.

SR. FIGUEROA VILA: Eu píddollo como grupo. Paréceme que é necesario, se vostede cre que é o Pleno máis importante dos últimos tempos coido que procede que se os grupos teñen que falar cinco minutos máis é oportuno.

A PRESIDENCIA: Agradézolle a suxestión. Sr. Domínguez Olveira continúe pero o seu tempo rematou.

SR. DOMÍNGUEZ OLVEIRA: Remato o máis breve que poida. Imos falar da Lei: Por que ten que existir unha lei galega de caixas coma a que vostedes recorreron e queren derrogar? Pois por unha razón, estamos na primeira volta de todo o proceso de reestruturación das caixas e isto é moi importante, non vai acabar aquí. Por iso nós dicíamos fusión e por iso dicimos unha lei que nos parapete aquí ó poder financeiro galego.

E non vai acabar aí porque o Sr. Rajoy e o Sr. Zapatero acaban de asinar un acordo, non no emprego, nin na economía, nin como facer que os traballadores e traballadoras teñan mellores reformas laborais; puxéronse de acordo en reestruturar unha segunda volta que o que vai acontecer é que vai haber entradas de cotas de participación privadas nas caixas, vai limitar a representación pública. Isto é para *bancarizar*, para privatizar ás caixas e ese foi o acordo ó que acaban de chegar o Sr. Rajoy e o Sr. Zapatero.

Non viaxe só con el. Dígalle ó Sr. Zapatero que non imos permitir que nos absorban nesa futura fusión. Se non fose por esta posibilidade de fusión nestes momentos, e aí vemos o que quere o Partido Popular e o Partido Socialista, nin Caixa Galicia nin Caixanova estarían hoxe nin en Vigo nin en Galicia. Iso si que é facer seguidismo porque ven unha segunda volta e o que vostede propoñía para esta primeira era coma aquel famoso conto de que viña o lobo.

Vai facer unha casa rápida, electoral, populista que sexa de palla para que cando veña o lobo e sobre se vaia. Iso é o que vostede quería. Nos apostamos por unha casa forte, por esa fusión e por unha lei que non permita nin ó Sr. Zapatero nin ó Sr. Rajoy facer nesa segunda volta a absorción desa futura caixa. Por iso é tan necesaria unha lei galega de caixas que garanta absolutamente o noso poder de decisión.

Nin o Sr. Feijóo nin vostede están a defender o futuro e nós queremos traballar e apostar polo futuro porque o dixemos sempre: queremos que Galicia teña poder decisorio económico e social neste país e nesta cidade.

Quería anunciar que o BNG vai presentar unha emenda de substitución a resolución que agora debatemos.

SR. LÓPEZ FONT: Cando o Sr. Figueroa empeza co discurso de que o alcalde é fillo adoptivo de A Coruña, etc., é que xa quedou sen argumentos. Nun tema tan importante coma este, que o voceiro do grupo do Partido Popular de trece concelleiros se adique só a manifestar esta cuestión pon de manifesto a pouca consistencia dos argumentos do Sr. Figueroa.

Sr. Figueroa, o Sr. Caballero é quen se presentou máis veces como candidato na provincia de Pontevedra, non só é fillo adoptivo de A Coruña senón tamén de Barcelona, Sevilla e de outras localidades e se alguén na política do estado español defendeu a esta provincia é o Sr. Caballero.

Coido que quen ten que pedir perdón á cidade de Vigo son o Bloque Nacionalista Galego e Partido Popular porque dado que aluden á pancarta da manifestación do 9 de febreiro, efectivamente dicía “Non á fusión” pero á fusión da lei que vostedes, PP e BNG, aprobaran e iso non era unha fusión, era unha absorción. O alcalde de Vigo foi un obstáculo a que houbera unha absorción, a que neste momento Caixanova desaparecese e se todos hoxe vemos na cidade, en toda Galicia e en toda España o letreiro de Caixanova é gracias á postura coherente do alcalde de Vigo.

Falan de protagonismo. O protagonismo recuperouno esta cidade, recuperárono os cidadáns de Vigo o 16 de xullo de 2007 cando Abel Caballero foi elixido alcalde desta cidade. O protagonismo de todo o que se está a facer nesta cidade é do alcalde porque evidentemente é a máxima representación, pero é dos cidadáns vigueses. Non teñan ningunha dúbida de que non hai ningún protagonismo persoal, só hai un esforzo por sacar adiante esta cidade, por poñer a esta cidade no mapa político de España e por poñela na liña dos proxectos que tiña durante moitos anos gobernando uns e outros.

Coido que a proposta que presentou o alcalde é moi sinxela, non valen xogos de palabras, non vale dicir estou a favor de Vigo ou estou a favor de Caixanova. As preguntas respóndese doutro xeito. Concelleiros do Partido Popular e do BNG: están en contra de que o presidente de futura caixa sexa don Julio Fernández Gayoso?

Están en contra de que o director xeral sexa don José Luis Pego Alonso? Están en contra de que Caixanova ostente a maioría na nova dirección? Están en contra de que a caixa resultante teña a sede en Vigo? Quen van votar perante os cidadáns vigueses que non están en contra disto?

Hai que dicirlos ós vigueses, hai que dicirles o que aquí se propón, hai que mostrarlle a coherencia do que fixemos cada quen en caixas e é moi importante que hoxe o saiban aínda que eu xa sei que son conscientes. Se fose polo Partido Popular e polo BNG Caixanova non existiría. Caixanova existiría e estaría nos Cantóns logo da absorción.

Como hoxe vin tanto ó Sr. Domínguez Olveira coma ó Sr. Figueroa Vila darlle consellos ó alcalde cunha serie de proverbios, etc., eu non vou dicir ningún pero lles vou dicir algo que coido en política é fundamental: defendan ós cidadáns que lles votaron porque ata o de agora non o fixeron.

SR. FIGUEROA VILA: Sr. Alcalde, como vostede me dixo que trouxéramos a súa gravación dese programa de “Aló, presidente”, vou poñela para todos os vigueses e viguesas.

Neste intre se oe unha gravación da que, debido ó mal son, só se pode transcribir o seguinte:

“Dígolle que se non segue soa Caixanova eu non me presento ás eleccións. Caixanova aguanta soa... O futuro desa fusión... Sería un proxecto enfermo e feble.. .Queremos e debemos amosar a nosa vontade nunha gran mobilización de toda a cidade, de todas as viguesas e de todos os vigueses en contra da fusión das caixas de aforros... Dígolle que se non segue soa Caixanova eu non me presento ás eleccións.

SR. FIGUEROA VILA: Está claro que di que “...Se non segue soa Caixanova eu non me presento ás eleccións”. Dio claramente.

Coido que quedou perfectamente claro o que vostede dixo. Este un programa de seu que entre nós chamámoslle “Aló presidente”, onde vostede contesta a preguntas formuladas nun programa pagado polo Concello.

Coido que non se pode ser tan frívolo cun dos temas máis importantes da historia financeira de Galicia. Ós socialistas moléstalles que se diga por que se chegou aquí.

Pois llo vou dicir: chegouse porque vostedes non dixeron a verdade hai dous anos e medio de que había unha crise en España e a reestruturación do sistema financeiro obrigou ó Banco de España e ás caixas a tomar decisións, a que as caixas tivesen que buscar alianzas estratéxicas para se manter e para ter futuro.

En Galicia, un presidente da Xunta tomou unha decisión valente, defendeu unha fusión igualitaria e paritaria dende o principio. A vostede moléstalle isto porque non ten argumentos para xustificar o seu fracaso. Sr. Caballero vostede é un perdedor, perdeu nesta batalla, neste proxecto. Perdeu porque mentiu, enganou á cidadanía permanentemente. Primeiro dixo que un SIP, logo dixo que non á fusión e aquí está a pancarta, logo que unha fusión por absorción e agora chámalle marcha común.

É unha fusión igualitaria e paritaria, onde os vigueses e os galegos estamos satisfeitos porque imos ter sistema financeiro propio. O que vostedes os socialistas querían é que non o tivésedes, que as caixas formasen un SIP con caixas de fóra, seguramente con algunha asturiana e algunha máis, e outros que foran absorbidos por unha caixa madrileña. Iso era o que pretendían, quedar sen sistema financeiro en Galicia e gracias a un presidente e tamén teño que recoñecer que gracias a valentía do Bloque Nacionalista Galego e por suposto do Partido Popular tomouse unha decisión coherente.

E vostede, un catedrático de Economía, o que fixo foi dicir que unha caixa estaba non sei que, a outra peor, a outra mellor. Vostede sabe que unha das condicións importantes do sistema financeiro é a confianza e coas súas declaracións puido incidir en moitas persoas e como dixen anteriormente menos mal que os galegos son o suficientemente intelixentes como para que non se producira unha escorrentada. Vostede sabe que de se producir isto, poderíase quebrar o sistema financeiro galego e púxoo en perigo porque é un perdedor, porque como dicía o Sr. Font está aí sentado pero con 25.000 votos menos que os que estamos aquí e porque o apoiou o BNG, senón vostede non estaría na Alcaldía de Vigo. Que non nos teña respecto a nós vale, pero que non se o teña ós que apoian ó seu goberno eu cuestiónoo.

Vostede utiliza actitudes irresponsables porque ó final foi bailando dun lado para outro, nos sete meses estivo bailando co que máis lle interesou a vostede única e exclusivamente para buscar un puñado de votos pero a situación é que agora mesmo as dúas caixas están a negociar, os dous consellos directivos están tentando chegar a un acordo polo ben de Vigo e de Galicia e o que lle vai pasar a vostede é que vai quedar só na defensa deste escenario porque non é un escenario posible e vostede

sábeo e por iso hoxe convocou este Pleno, porque como se mira perdedor, como está fracasado, como mira que as súas teses non trunfaron, agora tenta xustificalo.

Ninguén cuestiona ás persoas que vostede cita, nin ó Sr. Gayoso, nin ó Sr. Pego, nin ó Sr. Méndez, nin a ninguén, pero o que si queremos é un sistema financeiro propio que gracias ó PP e gracias ó BNG, Galicia e Vigo vano ter. Se fora por vostede Vigo non tería un sistema financeiro, Caixa Galicia estaría cunha caixa de Madrid e Caixanova estaría nun SIP xestionado por outras entidades para converterse nun banco a medio prazo que iso era o que quería o Banco de España. Iso é o que non din vostedes, os socialistas.

Agora tanto o presidente do seu partido, coma o gobernador do Banco de España que non se esqueza que é do seu partido, están a defender esta fusión. Ogallá que a altura de miras dos consellos directivos dos presidentes das dúas caixas nos leven a que en próximas horas a noticia non sexa este Pleno, sexa que Vigo e Galicia teñen un sistema financeiro forte e que as dúas caixas chegaron a un acordo, sexan cales sexan os órganos de goberno.

Queremos unha caixa forte e a vostede iso non lle preocupa, preocúpalle unicamente o seu rédito e o seu interese persoal e político. A nós non e por iso coido que a mensaxe que temos que trasladar á cidadanía e que nos gustaría que nas próximas horas os consellos de administración das dúas caixas con altura de miras conformaran un sistema financeiro galego e vigués forte. Iso é o que queremos dende o Partido Popular.

Agradecemos a actitude e comportamento que está a ter o Bloque. Vostede non, Sr. Alcalde, porque di aquí unha cousa, a súa secretaria de organización, Mar Barcón, desautorízao, o secretario xeral do seu partido o mesmo e tamén ultimamente ata o presidente do goberno que chega a un acordo porque sabe que a reestruturación do sistema financeiro español pasa pola fusión das caixas e que é mellor ter unha caixa galega forte.

Vostede dicía que a fusión non era solvente nin viable e o Banco de España demostrou que a fusión é viable e solvente como dende o principio dixou o presidente da Xunta de Galicia. Aquí o único que errou nesta traxectoria foi vostede; demostrárase co paso do tempo que os demais acertamos e na parte que nos toca eu síntome moi satisfeito de que acertásemos neste percorrido porque non era unha decisión fácil. Era unha decisión que había que ter valentía política, querer a Galicia, querer a Vigo e vostede nos os quere, quérese a si mesmo e o único que quere é un

puñado de votos para ver se o segue mantendo nesa cadeira de brazos.

Pois nin con ese obxectivo vai conseguir os seus fins, os cidadáns son o suficientemente intelixentes como para darse conta da utilización e a manipulación que fixo vostedes durante estes sete meses. Saben que vostede tentou manipularlos e enganalos durante todo este proceso.

Aquí está a hemeroteca, vostede díxoo claramente, espero que o recoñeza porque aí están testemuñas de todos os medios de comunicación que saben que vostede dixo que “Se Caixanova non segue en solitario eu non me presento ás eleccións”.

A PRESIDENCIA: Este é a quenda de peche e eu sigo a dicir: señores e señoras concelleiros deste Concello defendan a esta cidade porque está a ser obxecto de ataques moi serios, moi graves e que a van lastrar no seu futuro. Defendan Vigo, defendan ós seus electores, defendan á economía e ó emprego desta cidade e non fagan caso ás imposicións do Sr. Feijóo e do Bloque Nacionalista de Galicia. Defendan a esta cidade.

Por parte do Partido Popular aquí acaba de pasar a mostra máis vulgar de como están reaccionando porque acaban de trucar a gravación e lla imos entregar enteira. O que eu dixen foi: “Se hai unha SIP e Caixanova non segue soa eu non me presento”. Porque o que estaban cuestionando estes señores era que cunha SIP non había posibilidade de que seguira soa. Voulles entregar toda a gravación que é de máis dun minuto e verán que eu dixen que se hai unha SIP e Caixanova non segue soa eu non me presento, e seguí dicindo: “... e se Caixanova segue soa é o presidente da Xunta quen non se debe presentar”. Hai unha frase enteira no que digo todo isto. Onde está isto, Sr. Figueroa? Mentireiros, están trucando unha gravación. Lamentable, terrible, o que nunca mirei en política, trucando publicamente unha gravación.

A partir de aí, señoras e señores do Partido Popular e do Bloque, defendan a esta cidade. Non cheguen a este nivel terrible que acabamos de ver co que ven de facer o Sr. Figueroa que é quen de calquera cousa como todo Vigo sabe con tal de non defender o que ten que defender.

Hai máis cousas que dicir. Se non paramos a lei hoxe Caixanova está absorbida por Caixa Galicia e está en Coruña. Se non paramos a lei tal coma a paramos neste intre Vigo non tería Caixanova. Se deixamos ó Sr. Feijóo e á Sra. Conselleira terían cesado ó Sr. Gayoso que é o presidente de Caixanova e neste intre o que se está a decidir e

quen domina e lidera e eu sigo dicindo que ou lidera Caixanova ou non hai bagaxe conxunto. Ou hai unha absorción ou non hai marcha porque é a única fórmula.

En segundo lugar se non hai esa achega adicional de vender 12.000 millóns de activos e 250 oficinas de Caixa Galicia non hai viabilidade na fusión. Estase a ratificar todo o que dixemos pero o que acontece é que quen se dobregaron ós seus líderes de Galicia e agora teñen que mentir de forma aberta e clara xa non saben onde agacharse porque esta cidade o que lles está a dicir e que a defendan. Saben moi ben que os seus electores estanlles a dicir que defendan Vigo, que defendan ás caixas, que defendan a nosa economía e neste intre o que está a acontecer é que ata truncan gravacións con tal de ver como salvan a cara.

O que acontece é que o que está gravado xa o está e o que está gravado na memoria de todos os vigueses e viguesas é que o grupo Popular e o BNG non están a defender a esta cidade. Estanse deixando levar polo que lles manda o Sr. Feijóo e o BNG e afortunadamente esta cidade, os 300.000 vigueses e viguesas, saíron á rúa defendendo á súa dignidade e defendendo a Vigo.

Estas risas son a mostra do desprezo dese grupo con esta cidade e cos seus 300.000 habitantes por iso lles digo que nós seguiremos defendendo Vigo, Caixanova e seguiremos defendendo o que nos manda esta gran cidade.

Deseguido o alcalde-presidente procede a ler os textos da proposta e máis da emenda de substitución que se transcriben nos antecedentes deste acordo.

Emenda de substitución presentada durante o curso do debate asinada pola voceira do Grupo municipal do BNG, Sra. Méndez Piñeiro, en escrito de data 10 de maio:

“O Pleno da Corporación acorda instar ás dúas caixas galegas a que leven a bo porto o proceso de fusión que remate coa consolidación dunha única caixa galega solvente e viable que permita dotar a Galicia dunha entidade financeira que manteña o poder de decisión económico en Vigo e en Galicia. Unha fusión paritaria e equilibrada na que Caixanova e Vigo xoguen o papel que lles corresponde como motores económicos, sociais e financeiros do noso país.”

A Alcaldía-Presidencia somete a votación a anterior emenda presentada polo

S. Extraord. 11.05.10

Grupo municipal do BNG.

(Está ausente o Sr. Alonso Vázquez do Grupo do BNG).

VOTACIÓN E ACORDO: Con dezasete votos a favor dos membros do Grupo municipal do PP, Sres. e Sras. Beiro Diz, Coello Bufill, Comesaña Abalde, Conde Gil, Fidalgo Iglesias, Figueroa Vila, García Míguez, Iglesias Bueno, Larriba Leira, López-Chaves Castro, Martiño Gómez, Muñoz Posse e Romero Rodríguez, e máis dos membros do Grupo municipal do BNG Sres. e Sras. Domínguez Olveira, López Carreira, Méndez Piñeiro e Veloso Ríos, e nove votos en contra dos membros do Grupo municipal do PSdeG-PSOE, Sres. e Sras. Abelairas Rodríguez, Calviño Rodríguez, Díaz Vázquez, Lago Rey, López Atrio, López Font, Rivas González, Rodríguez Díaz e a Presidencia, acórdase aprobar a emenda de substitución presentada pola voceira do Grupo municipal do BNG e, xa que logo,

ACÓRDASE:

O Pleno da Corporación acorda instar ás dúas caixas galegas a que leven a bo porto o proceso de fusión que remate coa consolidación dunha única caixa galega solvente e viable que permita dotar a Galicia dunha entidade financeira que manteña o poder de decisión económico en Vigo e en Galicia. Unha fusión paritaria e equilibrada na que Caixanova e Vigo xoguen o papel que lles corresponde como motores económicos, sociais e financeiros do noso país.

E sen ter máis asuntos para tratar, o Sr. Presidente deu por rematada a sesión, ás dez horas e cincuenta e dous minutos, da que se redacta a presente acta; como secretario dou fe do seu contido e incorpórase ó libro de actas do Pleno autorizada coa miña sinatura e máis a do Excmo. Sr. Alcalde-Presidente, conforme ó previsto no artigo 110.2 do RD 2568/1986.

kv.

O ALCALDE,

A SECRETARIA XERAL DO PLENO,

S. Extraord. 11.05.10

Abel Caballero Alvarez

M^a Concepción Campos Acuña.